



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 25)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de xullo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño e o señor deputado don Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de xullo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación das prestacións a persoas maiores no centro de atención a maiores de Navia de Suarna, consta no mesmo:

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7DYLRSPZZ5ZGPZ6IF5L4LOCU¹.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DZWYJJ7D5GZ2UPQAG4RUO4.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DZTTP2BMT7S75WDVT4MBGOE.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DZTTMJF4DXW7ZVUQNEZCDJ4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2STPHUWJRFECQIPREYAA6Q.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2STCZMOLUX466RXNGR7HAM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D2QJJANJV6PLZUNEJYARPY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación das prestacións a persoas maiores no centro de atención a maiores de Navia de Suarna, expediente 2022/CON_02/000059, con duración un ano, estimando o inicio o 21.09.2022, coa posibilidade de tres prórrogas mais de 1 ano + 1 ano + ata 9 meses de duración máxima, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos (na actualidade establecida ata o 31.10.2025) como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20.06.2026.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do

mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 726.514,90 € ao que se aplicará un IVE do 4%, 29.060,60 €, o que fai un total de 755.575,50 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 755.575,50 €, IVE engadido, e financíase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACION	IMPORTE	A
2022	2315.22799	211.147,13	92022/5066
2023	2315.22799	544.428,37	920229/245
SUMA		755.575,50	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal.



Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29/06/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CYLB3PNVT37BP2EWEL7QFC4².

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal.

Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 31/03/2022, con CSV: IV7CEOPPJA57SVH2WP4RP43HIY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CG3BLH5O74XJS2IAAKXY7OE.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CG6XSLEJP57W4UFOXIJAF AE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CG6XTZXX4IVNCS74W6NROAA.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CGCANPV4Y5XOISA7SMQRT4U.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 22/04/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DVXSLLD7SZZPOAEIWAMTW6A.

Publicación, o día 27/04/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/05/2022, para apertura da documentación administrativa e criterios avaliados automaticamente con CSV: IV7DSLAOJ4E5J3XTS4XF54YPGU.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos arquivos “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no arquivo “oferta” cos seguintes resultados:

BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E CENTRO DE SECCIONAMENTO PARA O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACIÓN EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCIÓN:

100.897,76	
83.386,58	17.511,18

NO

1 MES

MAXIMO

1.667,73

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (85)	(B) AUMENTO PRAZO GARANTIA (10)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	AUMENTO 24 MESES	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	ESQUEIRO SL		95.553,70 €	SI	300,00 €	58/1
2	MANUEL NOVOA CASTRO SLU		95.156,67 €	SI	1.667,73 €	11/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (85)		GARANTÍA PRAZO (10)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	AUMENTO 24 MESES (SI/NO)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ESQUEIRO SL	95.553,70 €	79,12	SI	10,00	300,00 €	0,90	90,02
2	MANUEL NOVOA CASTRO SLU	95.156,67 €	85,00	SI	10,00	1.667,73 €	5,00	100,00



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	BAIXA TEMERARIA (INF A 20% S/ OUTRA)	
		Oferta		
1	ESQUEIRO SL	95.553,70 €		76.125,34
2	MANUEL NOVOA CASTRO SLU	95.156,67 €		76.442,96

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	MANUEL NOVOA CASTRO SLU	100,00
2	ESQUEIRO SL	90,02

b) Requerir á empresa Manuel Novoa Castro SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a documentación e os medios mínimos esixidos no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.932,09€ euros, que supón o 5% sobre o prezo de adxudicación, sen IVE, que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 01/06/2022 con CSV: IV7D4QINMF5ORXE2UL7XOALUOA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Manuel Novoa Castro SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 02/06/2022, rematando o prazo de presentación o día 16/06/2022. A mercantil Manuel Novoa Castro SLU, presentou a documentación requirida o 15/06/2021 a través da plataforma de contratos do sector público e o aval orixinal a través do rexistro da Deputación.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29-06-2021, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Manuel Novoa Castro SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada, ao non facer observación algunha neste senso, enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Manuel Novoa Castro SLU con C.I.F. B-27429653 representada por D. Manuel Novoa Castro, con DNI ***2049**, a contratación da obra denominada BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal, no prezo de 95.156,67 €, dos cales 16.514,79€ corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios (total garantía 36 meses); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.667,73€ mais IVE, e un prazo de execución de 1 mes.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o



carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Detectado erro material na acta da Mesa de Contratación de data 29 de xuño de 2022, corríxese de xeito que na páxina 3 onde dí: “ presentou a documentación requirida o 15/06/2021 debe dicir 15/06/2022; e onde dí “Reunida a Mesa o día de hoxe, 29-06-2021, debe dicir: 29-06-2022.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Manuel Novoa Castro SLU con C.I.F. B-27429653 representada por D. Manuel Novoa Castro, con DNI ***2049**, a contratación da obra denominada BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de

día e residencial comarcal, no prezo de 95.156,67 €, dos cales 16.514,79€ corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios (total garantía 36 meses); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.667,73€ mais IVE, un prazo de execución de 1 mes.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: aumento do prazo de garantía e programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN DE REMANENTES E MODIFICACIÓNS DE DIVERSOS PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2021.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Lugo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 132, 133, 134, 135, 136, 137, 138, 139 e 140 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lugo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (132, 133, 134, 135, 136, 137, 138, 139, 140) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Lugo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LUGO	132	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA IGREXA DE CAMOIRA AO NÚCLEO DE MAIRA (CAMOIRA), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	4.434,69€
LUGO	133	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DENTE O VILARDÓN AO LÍMITE MUNICIPAL CO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, (TIRIMOL) INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	8.565,60 €
LUGO	134	MELLORA FIRME DA ESTRADA DA N-640 A PEDREDA (PEDREDA), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	18.284,91 €
LUGO	135	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DE CONTURÍZ A CARDOSO (SANTO ANDRÉ DE CASTRO E SAN MAMEDE DOS ANXOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	20.093,57 €
LUGO	136	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA N-540 Á ESTRADA DE BAZAR E DA N-540 A O CORRAL DE ABAIXO (CALDE), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	14.033,04€
LUGO	137	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA LU-P-2901 Á IGREXA DE SAN PEDRO DE MERA (SAN PEDRO DE MERA), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	2.477,68€
LUGO	138	MELLORA DA ESTRADA DA LU-P-2903 AO REGO DO MERA (VILACHÁ DE MERA), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	11.459,70€
LUGO	139	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA LU-P-2903 A PRÓGALO (PRÓGALO), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	7.322,92€
LUGO	140	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA LU-P-2901 Á LU-P-2901 EN POUTOMILLOS (POUTOMILLOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	16.107,25€

5. Por escrito de data 28/06/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
LUGO	REM	MELLORA DE FIRME NA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA. DE PROGALO DENDE A LU-P-2903 A AIREXE E A VILA	1532.76201	54.926,54 €	18.304,42 €	73.231,06 €
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA. DE CALDE DE ACCESO A PENA	1532.76201	0,00 €	26.672,18€	26.672,18 €
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA DE COESES DENDE A LU-P-2913 A CEZA	1532.76201	0,00 €	57.802,76 €	57.802,76 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adjudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Lugo, no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lugo e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adjudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
LUGO	REM	MELLORA DE FIRME NA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA. DE PROGALO DENDE A LU-P-2903 A AIREXE E A VILA	1532.76201	54.926,54 €	18.304,42 €	73.231,06 €
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA. DE CALDE DE ACCESO A PENA	1532.76201	0,00 €	26.672,18€	26.672,18 €
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PQA DE COESES DENDE A LU-P-2913 A CEZA	1532.76201	0,00 €	57.802,76 €	57.802,76 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Triacastela, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 311 e 312 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Triacastela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (311 e 312) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.



Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Triacastela presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRIACASTELA	311	MELLORA DA PISTA DE COMUNICACIÓN DE SANTA MARIA DO MONTE A VALES, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	8.147,35 €
TRIACASTELA	312	MELLORA DO ACCESO A SAN BREIXO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	2.690,43 €

5. Por escrito de data 29/06/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRIACASTELA	REM	ACTUACIONS DE ADECUACIÓN AMBIENTAL E MELLORA DA PAVIMENTACION DA CALELLA DE ACCESO A CAMIÑO DE SUAVILA EN TRIACASTELA	1531.76201	0,10 €	10.837,78 €	10.837,88 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta

Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Triacastela, no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe a calquera outro emitido para o mesmo asunto.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Triacastela e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRIACASTELA	REM	ACTUACIONES DE ADECUACIÓN AMBIENTAL E MELLORA DA PAVIMENTACION DA CALELLA DE ACCESO A CAMIÑO DE SUAVILA EN TRIACASTELA	1531.76201	0,10 €	10.837,78 €	10.837,88 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Terceiro.- *Escrito do Concello de Mondoñedo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 145 e 146 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (145 e 146) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. Por acordo da Xunta de Goberno de data 22/10/2021 reformouse o proxecto do investimento nº 146 producíndose un aforro por importe de 25.837,03 €, a tratar como se foran remanentes.

5. O Concello de Mondoñedo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MONDOÑEDO	145	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPALES NAS PARROQUIAS DE MASMA (SANTO ANDRE) E OS REMEDIOS (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS) INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	6,61 €€
MONDOÑEDO	146	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPALES NAS PARROQUIAS DE ARGOMOSO, O CARMEN, LINDIN, MASMA, OIRAN, OS REMEDIOS, SANTIAGO DE MONDOÑEDO E SAN VICENTE DE TRIGAI, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	9.996,96 €
MONDOÑEDO	146	REFORMADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPALES NAS PARROQUIAS DE ARGOMOSO, O CARMEN, LINDIN, MASMA, OIRAN, OS REMEDIOS, SANTIAGO DE MONDOÑEDO E SAN VICENTE DE TRIGAI, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	25.837,03€

6. Por escrito data 30/06/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
MONDOÑEDO	REM	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPALES NAS PARROQUIAS DE MASMA E VILOALLE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	35.840,60€	35.840,60€



7. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Mondoñedo, no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe a calquera outro emitido para o mesmo asunto.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MONDOÑEDO	REM	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE MASMA E VILOALLE , INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	35.840,60€	35.840,60€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Incio, solicitando modificación de proxecto de investimentos e aplicación de remanentes incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Incio no que solicita a modificación de proxecto de investimentos e aplicación de remanentes na adxudicación dos investimentos (125-126-127) incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
INCIÓ	126	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO NOS NÚCLEOS DE GOO, MARTÍN, CALVOS E VILASOUTO, INCLÚIDO HONORARIOS	12.717,10€	81.745,87€	94.462,97€

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, e que se indican a continuación:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
INCIO, O	125	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO NOS NÚCLEOS DE SAA E PACIOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	8.150,68€
	126	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO NOS NÚCLEOS DE GOO, MARTÍN, CALVOS E VILASOUTO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	10.423,63€
	127	ACONDICIONAMENTO CAMIÑO EN VILADECÁNS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	201.80€

5. Na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

6. Na base 11 establécese “...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

7. A Alcaldía do Concello de O Incio a través de escrito de data 29/06/2022 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 126, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... froito da escalada nos últimos meses nos prezos dos materiais e da inflación...” polo que deseguido se indica, co orzamento e financiación que se sinala, unha vez aplicada a baixa porcentual da adxudicación, así como o financiamento do incremento do modificado con cargo a remanentes producidos na adxudicación da obra, quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
INCIO,O	126	MODIFICADO PAVIMENTACIÓN DE ACCESO NOS NÚCLEOS DE GOO, MARTÍN, CALVOS E VILASOUTO, INCLUÍDO HONORARIOS	12.717,10€	71.322,24 (adxudicación) + 10.423,63€ (Remanentes)	94.462,97€

b) A aplicación dos remanentes producidos no resto de adxudicacións na seguinte actuación, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
INCIO,O	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS NO NÚCLEO DE COVELAS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	8.352,48€	8.352,48€

8. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.



9. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

10. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento (126) relativo ao Concello de O Incio que se sinala, así como a financiación con cargo a remanentes de dita modificación así como do investimento proposto polo Concello e que queda incluído no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Incio, e en consecuencia:

Aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, e financiándose o incremento que supón o modificado con cargo a remanentes prudicidos na adxudicación do indicado investimento, quedando nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
INCIO,O	126	MODIFICADO PAVIMENTACIÓN DE ACCESO NOS NÚCLEOS DE GOO, MARTÍN, CALVOS E VILASOUTO, INCLUÍDO HONORARIOS	12.717,10€	71.322,24 (adxudicación) + 10.423,63€ (Remanentes)	94.462,97€

Aprobar a aplicación dos remanentes producidos no resto de adxudicacións na seguinte actuación:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
INCIO,O	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS NO NÚCLEO DE COVELAS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	8.352,48€	8.352,48€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Escrito do Concello de Ribeira de Piquín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento nº 229 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribeira de Piquín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (229) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Ribeira de Piquín presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
RIBEIRA DE PIQUIN	229	SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED	1650.76201	6.535,21€

5. Por escrito de data 23/06/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
RIBEIRA DE PIQUIN	REM	SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED	1650.76201	646,90 €	6.535,21€	7.182,11€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Ribeira de Piquin, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribeira de Piquin e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RIBEIRA DE PIQUIN	REM	SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED	1650.76201	646,90 €	6.535,21€	7.182,11€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN AO PROXECTO “SMART AGRO, IMPULSO DIGITAL Y SOSTENIBLE DE LA CADENA DE VALOR DEL SECTOR AGROALIMENTARIO ESPAÑOL” ANTE A DEPUTACIÓN DE CÓRDOBA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Tras a declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola Covid-19 o pasado 11 de marzo de 2020, os Estados membros da Unión Europea adoptaron medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas inclúen un novo marco financeiro plurianual da Unión Europea para 2021-2027 que contará con subvencións moi importantes como a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (« Next Generation EU»).

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia recolle novas figuras de colaboración público - privada como serán os Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTES).

Dende a Deputación de Córdoba, a través da Delegación de Programas Europeos e Administración Electrónica, xunto con EPRINSA, Minsait- INDRA e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos e Montes da Universidade de Córdoba, asumiron o impulso da redacción do proxecto ao que denominaron proxecto “Proyecto *Smart Agro*: Impulso digital y sostenible de la cadena de valor del sector agroalimentario español”, seguindo unha metodoloxía baseada na innovación aberta e intelixencia colectiva e que inclúe a participación tanto de entidades públicas como de entidades privadas especializadas e referentes no sector.

Smart Agro – Impulso digital y sostenible de la cadena de valor del sector agroalimentario español ten como propósito favorecer a transformación dixital do sector agroalimentario no seu conxunto, tendo en conta a toda a cadea de valor e aos distintos axentes que, ao redor da mesma, necesitan avanzar sobre a mellora da produtividade para alcanzar o nivel de competitividade desexado. E, con iso, ser capaces de afrontar os grandes desafíos que, en torno ao cambio climático, a protección do medio natural e o despoboamento do territorio rural require a actualidade.

Para elaborar este proxecto, púxose en marcha un grupo de traballo, tanto público como privado composto por 8 Deputacións de 5 Comunidades Autónomas diferentes e máis de 30 empresas tractoras de toda a cadea de valor do sector agroalimentario, para o desenvolvemento das seguintes actuacións:

Análise e estudo do marco que establece os Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica.

Deseño do grupo de entidades de interese na cadea de valor agroalimentaria a convidar a participar no proxecto.

Elaboración dun documento basee resumo, cos aspectos fundamentais que contén o proxecto que figura como anexo 1 deste documento.

Consideracións.



A Deputación de Lugo ten deseñado desde o ano 2020 un Plan de propostas de acción para a provincia de Lugo a través do fondo de recuperación europeo (Next Generation EU). Unha das liñas estratéxicas de actuación, nomeada Plan de reactivación do emprego e da actividade económica, está directamente relacionada co obxecto das presentes axudas.

Na mesma, constátase como un reto crave a abordar na nosa provincia a recuperación do tecido empresarial provincial afectado pola crise Covid-19 e o impulso de novos modelos produtivos sobre todo no sector primario, a través da xeración de valor engadido, da diversificación e da comercialización de produtos de proximidade en distintos mercados

Tendo en conta que o peso do sector primario en materia laboral e económica na Comunidade Autónoma ten moito máis impacto na provincia de Lugo, que noutras con maior superficie territorial, a pesar de verse reducido nos últimos anos.

Hai que engadir a contribución que supón o sector agroalimentario á economía directamente relacionado co benestar da poboación e en concreto das zonas rurais e que o seu fomento contribúe a mitigar a falta de oportunidades económicas e emprego para os máis novos.

Tendo en conta que a importancia e a contribución deste sector, un dos obxectivos marcados por esta Deputación é acadar transformación dixital do sector agroalimentario, creando ecosistemas innovadores de desenvolvemento sostible que permitan xestionar eficientemente as infraestruturas e os recursos naturais que ofrezan novos servizos aos cidadáns creando emprego, impulsando o emprendemento e atraendo talento ao territorio como forma arraigo a terra para evitar a despoboación.

Considerando a invitación recibida por parte do Presidente da Deputación de Córdoba a adhesión ao proxecto *Smart Agro* impulsado por esta e que integra ademais, a Deputación de Cáceres, Deputación de Badajoz, Deputación de Ciudad Real, Deputación Jaén, Deputación Salamanca, Deputación de Soria y Deputación de Teruel a Deputación de Lugo converterase na única entidade representativa da zona norte de España propiciando un traballo en rede conxunto moi proveitoso para a provincia de Lugo, xa que apoia as medidas ODS 17, alianza para lograr los obxectivos la 2.4 en cuanto a aplicar prácticas agrícolas resilientes que aumenten a produtividade e

a produción contribuíndo o mantemento dos ecosistemas así coma o obxectivo nº3 de fomentar a saúde e o benestar da poboación entre outras.

Tendo en conta que esta adhesión canalizarase a través da firma dun protocolo xeneral de actuación como marco previo e xeral no que se considera unha declaración de intencións entre as partes pero sen establecer ningunha obriga xurídica. Entra en vigor o día da súa firma e terá unha vixencia de tres anos, prorrogándose en virtude de acordo unánime e expreso das partes por un ano adicional, podendo extinguirse por acordo expreso das partes por finalización do prazo vixente o pola imposibilidade sobrevida de cumprir o obxectivo proposto. Este contempla a adhesión de novos membros non integrados inicialmente sempre que mostren interese en dita incoativa.

Tendo en conta que este protocolo carece de contido económico e a súa firma non comporta gasto de ningún tipo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a adhesión no Proxecto “*Smart Agro: Impulso digital y sostenible de la cadena de valor del sector agroalimentario español*”.

2º.- Aprobar o protocolo para a incorporación ao proxecto “*Smart Agro: Impulso digital y sostenible de la cadena de valor del sector agroalimentario español*”, no cal se declara:

Que apoia a iniciativa *Smart Agro – Impulso dixital e sostible da cadea de valor do sector agroalimentario español* e mostra o seu máximo interese para contribuír no seu definición final.

Que se compromete a impulsar no seu ámbito de actuación a suma de axentes que acheguen valor ao mesmo, participando o equipos técnicos nas diferentes mesas de traballo que se establezan.



Que se compromete a participar nas reunións Institucionais coas Comunidades Autónomas, empresas e Universidades así como o equipos técnicos nos diferentes grupos de traballo que se establezan.

Que tendo en conta a importancia para os participantes de manter a confianza e confidencialidade do tratado no proxecto comprométese a manter a mesma e non desvelar a información que poida prexudicar o desenvolvemento do proxecto en convocatorias de carácter competitivo, salvo que sexa autorizado polos membros asinantes do proxecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rura e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, da proposta de resolución formulada pola entidade colaboradora (ACRUGA), e autorización a esta para o pago aos beneficiarios, no marco das subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, para o fomento da dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2021.

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 24 de maio de 2019, entre outros:

“(…).

4. Aprobación das bases da convocatoria de subvencións, en concorrancia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro

xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza rubia gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación provincial de Lugo e á Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza rubia gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

(...).”

Segundo.- En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións citadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, avaliando o seu persoal técnico (actuando colexiadamente) as solicitudes presentadas, conforme aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos en aquelas,



emitindo informe no que se relacionan as solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas citadas Bases, así como aquelas outras que, por distintos motivos, teñen que ser desestimadas.

Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 9 de marzo de 2022, proposta de resolución do procedemento de concesión das subvencións, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina web de aquela (www.acruga.com).

Terceiro.- Xustificado polos beneficiarios o cumprimento das finalidades que determinaron a concesión das subvencións, isto é, a inscrición das femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal, a través da achega da documentación esixida na base 14.1; a entidade colaboradora (ACRUGA), previa revisión da mesma, emitiu certificación, o 9 de marzo de 2022, na que se relacionan tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, que foi remitida á Deputación Provincial o día 15 do mesmo mes, acompañada da citada documentación xustificativa (RE nº: 2022RT002827, 2022RT002828 e 2022RT002834).

Revisada pola Unidade de Medio Rural a documentación referida no parágrafo anterior, resultou que aquela se atopaba incompleta e con defectos, polo que o 28 de marzo de 2022 requiriuse á entidade colaboradora (ACRUGA) para a súa emenda; requirimento que foi contestado por aquela o 18 de abril de 2022 (RE nº: 2022RT005226), engadindo documentación complementaria os días 20 de abril (RE nº: 2022RT005319), 3 de maio (RE nº: 2022RT006194 e 2022RT006196) e 5 de maio (RE nº: 2022RT006429).

As citadas emendas inclúen as modificacións, do 29 de marzo de 2022, da proposta de resolución citada no antecedente Segundo; e do 29 de abril de 2022, da certificación á que se fai referencia no primeiro parágrafo deste apartado.

Cuarto.- Detectados novos erros na proposta de resolución do 29 de marzo e na certificación do 29 de abril, ás que se fai referencia no parágrafo anterior, requiriuse novamente á entidade colaboradora para a súa emenda, que tivo lugar a través da presentación, o 1 de xullo de 2022 (RE nº: 2022RT009786), dunha nova proposta de resolución, da mesma data, e dunha nova certificación de beneficiarios, do 30 de xuño de 2022.

Quinto.- Con base nestes antecedentes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe que inclúe as seguintes consideracións legais e técnicas:

“I. Consonte á Base 24ª.1, das de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2021:

“As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005).

A súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Non obstante o anterior, a Base 24ª das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2021 será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesións ao abeiro do artigo 17.2 da LXS.

II. Consonte ás Bases 9 e 10 (Instrución do procedemento e Resolución de concesión das axudas) das reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do programa de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses. Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo:

“Base 9.- Instrución do procedemento.

1) A entidade colaboradora, ACRUGA, será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñan a documentación esixida na base 8. (...).

2) O proceso de avaliación da documentación xustificativa do cumprimento das actuacións subvencionables será efectuado polo persoal técnico de ACRUGA (actuando colexiadamente), entidade colaboradora da Deputación de Lugo para a xestión desta axuda. (...).

Base 10. Resolución de concesión das axudas



O persoal técnico da entidade colaboradora (ACRUGA) verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta Directiva de ACRUGA, previa valoración das solicitudes admitidas e animais validados.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lle concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta Directiva, será obxecto de notificación por medio de publicación na páxina Web de ACRUGA (www.acruga.com).

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de dous meses (ata o 10 de marzo), contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes (10 de xaneiro). No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Con todo, as disposicións contidas nestas Bases non se corresponden en plenitude co establecido a este respecto na LXS, pois o seu artigo 22.1 establece que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte por un órgano colexiado a través do órgano instructor. Entón, en aplicación deste artigo, a proposta de concesión deberá formularse ao órgano concedinte (a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo) por un órgano colexiado (o persoal técnico de ACRUGA) a través do órgano instructor (a entidade colaboradora ACRUGA).

Confirma esta formulación o artigo 24.4 da LXS, segundo o cal:

“Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado ao que se refire o apartado 1 do artigo 22 desta lei deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións.”

Polo tanto, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo é a competente para resolver a concesión das axudas, e non a Xunta Directiva de ACRUGA, como queda establecido no terceiro parágrafo da transcrita Base 10; sendo axeitada a proposta de resolución (que non resolución de concesión) formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA o 1 de xullo de 2022, segundo quedou exposto nos antecedentes Segundo a Cuarto deste informe.

As bases reguladoras de subvencións outorgadas polas entidades locais en réxime de concorrencia, competitiva e non competitiva, son produto da potestade regulamentaria que o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local atribúe á aquelas. Así se desprende do establecido no artigo 17.2 da LXS, segundo o cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A expresión “as distintas modalidades de subvencións” fai referencia, ao meu xuízo, aos tipos ou clases de subvencións que pode aprobar unha entidade local en función da actividade que se pretende fomentar.

Parece claro, polo tanto, que as bases reguladoras das subvencións que nos ocupan teñen encaixe no que a LXS dá en chamar “ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”, pois estas regulan a concesión das subvencións destinadas a fomentar, en concreto, a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Con todo, en aplicación do principio de xerarquía normativa, consagrado no artigo 9.3 da nosa Constitución, a interpretación que se lle dá ao terceiro parágrafo da anteriormente transcrita Base 10 das reguladoras das subvencións non pode ser contraria ao disposto na LXS.

En outra orde de consideracións, continúa o recentemente comentado artigo 24.4 da LXS establecendo que:

“Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.”

Esta norma avala o feito de que a Xunta Directiva de ACRUGA formulase, o 9 de marzo de 2022 (con modificacións do día 29 do mesmo mes e dos días 30 de maio e 1 de xullo), proposta de resolución de carácter definitivo e non provisional, amparando aquela a omisión do trámite de audiencia establecido no último inciso do artigo 24.4.II.

III. No que á xustificación das subvencións respecta, a LXS dispón, no seu artigo 30.1, que:

“A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine regulamentariamente...”



En parecido senso se pronuncia o artigo 71.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, segundo o cal:

“A xustificación da subvención terá a estrutura e o alcance que se determine nas correspondentes bases reguladoras.”

Polo tanto, a regulación da xustificación das subvencións obxecto deste informe atópase na Base 14 (Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións). No que aquí interesa, segundo establece o apartado 1 da dita Base:

“Os beneficiarios da subvención, deberán xustificar a alta da femia reprodutora de raza bovina pura rubia gallega na explotación, ca condición de gasto elixible, e aportar a documentación necesaria para a xustificación, dende o 1 de decembro de cada anualidade ao 10 de xaneiro da anualidade seguinte.

Os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) a seguinte documentación xustificativa:

Relación dos animais para os pide a axuda prevista nestas bases, identificándose polo seu número de Crotal e alta no libro da explotación.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de ser coñecedor de que a subvención se atopa acoillida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (...).

Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a actuación subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación, segundo modelo normalizado. Colocarase un cartel por explotación beneficiaria, en estancia física visible.

Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial para aqueles beneficiarios que teñan concedida unha cantidade superior aos 3.000 euros. No resto dos casos, declaración responsable do beneficiario conforme está ao corrente no cumprimento das obrigas.

(...).

Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro.

Documento acreditativo da conta bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

Declaración responsable de manter na explotación a reprodutora obxecto de axuda durante un período mínimo de 24 meses.

Debe xuntarse copia do libro da explotación ao fin de comprobar a alta do animal (femia) e a súa permanencia na explotación durante 24 meses.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a xustificación das actuacións fose presentada ante ACRUGA, ésta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días sexa presentada.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

A entidade colaboradora (ACRUGA) revisará o cumprimento das actuacións e a documentación xustificativa antes do 10 de Marzo da anualidade seguinte á finalización do ano natural de actuacións, emitindo unha certificación asinada polo representante de ACRUGA, na que se relacionen tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, nif, relación de animais e data de alta na explotación, data de inscrición do libro rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega, cos respectivos importes a recibir. Nesta certificación farase constar o cumprimento das condicións estipuladas nas bases. Esta certificación será enviada á Deputación Provincial de Lugo, para a súa revisión e posterior autorización para os pagos aos beneficiarios que materializará ACRUGA, antes do 15 de marzo (acompañada da documentación xustificativa sinalada nesta base 14.1). A resolución de autorización será emitida pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo e enviada a ACRUGA antes do 15 de Abril de cada ano, fixándose así un prazo de 14 días naturais para que a entidade colaboradora poida efectuar os pagos aos beneficiarios.”

A documentación que obra no expediente correspóndese coa esixida na Base transcrita. Con todo, cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

1ª.- Tal e como se reflicte na relación de documentos que, segundo a Base 14.1, os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) para a xustificación das subvencións, aqueles debían achegar copia do Libro da Explotación ao fin de comprobar a alta do animal na mesma, así como a súa permanencia nela.

Tódolos beneficiarios achegaron unicamente a copia da/s folla/s do citado Libro onde figura/n os animais elixibles para a subvención, o que dende o centro xestor se considerou axeitado, pois, se se ten en conta que os Libros de Explotación contan, na maioría dos casos, con máis de 50 páxinas, incluílas todas resultaría contrario aos principios de simplicidade, racionalización e



axilidade dos procedementos administrativos, e economía, que deben respectar as Administracións Públicas na súa actuación, en virtude do establecido no artigo 3 da LRXSP.

Porén, requiriuse a aqueles para que, ademais da copia das follas dos Libros de Explotación onde figuran os animais obxecto das solicitudes de subvención, achegaran copia da primeira páxina daquel, na que se reflectiran os datos de identificación dos beneficiarios das subvencións e que se integran no expediente.

2ª.- O anterior derivou na circunstancia de que se advertiu que, conforme aos usos sociais do sector gandeiro, nos casos de cambio de titularidade das explotacións, os novos titulares tachaban no Libro de Rexistro da explotación o nome do anterior propietario, para poñer a continuación os datos do novo, ou, nalgúns casos, incluso tapaban os datos dos antigos titulares cun adhesivo no que inscribían os seus propios datos.

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, considerouse esta práctica de dubidosa validez, aos efectos de acreditar a titularidade da explotación polos beneficiarios das subvencións, polo que se requiriu á entidade colaboradora para que achegase, nos casos en que se dera esta circunstancia, algún documento con valor probatorio da titularidade da explotación.

Por elo, intégranse no expediente, nos casos en que se da a situación recentemente descrita, copias da denominada “Carta Verde”, que é un documento de acreditación sanitaria, expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no que se reflecte a identidade do titular da explotación, así como os animais que están dados de alta nela.

3ª.- Por outra banda, como se pode ver nas fotos dos carteis que indican que a actuación dos beneficiarios está subvencionada, estes non reflecten o importe da subvención que corresponde a cada beneficiario. Esta situación deriva do feito de que a colocación dos ditos carteis foi anterior á aprobación da proposta de concesión das subvencións e, polo tanto, da súa xustificación, o que implicaba o incerto da cantidade a percibir, pois, tal e como está previsto no último parágrafo da Base 2:

“Existe concorrencia, pero non competitiva, posto que o importe anual de subvención, dividírase e repartírase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza.”

Polo tanto, a Deputación de Lugo facilitou aos beneficiarios os ditos carteis, en cumprimento do establecido na Base 7.10) das reguladoras das subvencións; mais nese momento non se podía calcular o importe correspondente a cada beneficiario, pois estaban pendentes de aprobación, como se dixo, a proposta de concesión e as xustificacións achegadas polos beneficiarios, o que non é óbice para ter por cumprida por estes a obriga de colocación dos ditos carteis.

IV. Na proposta de resolución formulada pola entidade colaboradora ACRUGA, o 1 de xullo de 2022, e na certificación emitida polo seu presidente o 30 de xuño do mesmo ano, reflíctese que foron 974 os animais elixibles, segundo os criterios establecidos nas Bases reguladoras das subvencións.

Sendo que o importe total das subvencións a conceder nesta acción de fomento durante a anualidade 2021 é de 200.000 €, resulta que cada animal elixible da dereito a percibir unha subvención de 205,33 €, consonte ao establecido na Base 2 das reguladoras das subvencións. Polo tanto, a contía total das axudas a outorgar, correspondente a anualidade 2021, ascende a 199.991,42€

Nos ditos documentos tamén se reflicte que os 974 animais elixibles pertencen a 408 explotacións gandeiras da provincia de Lugo. Con todo, unha delas reviste a forma de Comunidade de Bens, polo que, en aplicación do disposto no artigo 11.3 da LXS, os seus tres membros terán, tamén, a condición de beneficiarios da subvención. Polo tanto, o número total de beneficiarios das subvencións é de 411.

V. Cómpre indicar que, dos 411 solicitantes propostos pola entidade colaboradora como beneficiarios das subvencións correspondentes á anualidade 2021, 62 xa foron beneficiarios das subvencións da anualidade 2019, e 128 foron beneficiarios das axudas das anualidades 2019 e 2020. Non consta ningún beneficiario da anualidade 2021 que tamén fora beneficiario da anualidade 2020 sen selo tamén da anualidade 2019.

Neste senso, hai que ter en conta que non está previsto nas Bases reguladoras das subvencións nin na normativa de aplicación que este feito poida derivar na exclusión de aqueles da relación de beneficiarios incluída na proposta de resolución definitiva formulada por ACRUGA o 1 de xullo de 2022.



Con todo, comprobouse que ningún dos animais para os que se solicita a subvención da anualidade 2021 fora xa animal elixible nas subvencións dos anos 2019 e 2020, sendo o resultado da comprobación negativo.

VI. Finalmente, subliñar que a documentación integrante do expediente reflicte o cumprimento pleno, por parte dos solicitantes propostos como beneficiarios pola entidade colaboradora ACRUGA, dos requisitos establecidos nas Bases Reguladoras das subvencións, constando, asemade, o cumprimento (á data de comprobación da documentación) do compromiso de aqueles de manter na explotación ás reprodutoras obxecto das axudas durante un período mínimo de 24 meses na explotación, unha vez dadas de alta no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega.

Informe.

Tendo en conta o ata aquí exposto, estimo correcta a proposta de resolución formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 1 de xullo de 2022, e correcta a documentación achegada polos beneficiarios para a xustificación das subvencións, así como cumpridos os fins para os cales se concederon estas, polo que informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1. Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 1 de xullo de 2022, que consta no expediente.
2. Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.
3. Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 30 de xuño de 2022, que tamén consta no expediente.”

Sexto.- Vista a documentación achegada, así como o dito informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a Intervención da Deputación Provincial de Lugo fiscalizou de conformidade o expediente, o 5 de xullo de 2022.

Por todo canto vai exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 1 de xullo de 2022, que consta no expediente.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 30 de xuño de 2022, que tamén consta no expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Concepción Seijo Rivas, Telefonista do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Porteiro/a “A Extinguir”, cumpre os 65 anos de idade o día 10 de agosto de 2022 e que terá recoñecidos 45 anos, 9 meses e 10 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 10 de agosto de 2022, data previsible de xubilación forzosa, polo que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 6 meses.

Tendo en conta que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:



Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...).

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e dos informes dos servizos e tendo presente que Dona Concepción Seijo Rivas terá acreditado, á data do 10 de agosto de 2022, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP, número 056, de 10 de marzo de 2021),

Acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona Concepción Seijo Rivas, con efectividade do día 10 de agosto de 2022, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 397/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 17 de xuño de 2022 relativo ao Procedemento Ordinario 397/2022 seguido ante o Xulgado do Social nº3 de Lugo por Dª María Evangelina Nogueira Sánchez fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade, no que se acorda



admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 11 de setembro de 2023 ás 10.10h para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta do decreto da Presidencia de 7 de xullo de 2022.

Dase conta do decreto de 7 de xullo de 2022 de aprobación da oferta de prazas dispoñibles nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares do alumnado de todas as titulacións oficiais de Grao e Máster Universitario impartidas na Universidade de Santiago de Compostela no marco do Convenio de Colaboración asinado en data 11 de marzo de 2022, así como da aprobación da incorporación excepcional de tres alumnas do Máster Oficial en Dirección de Proxectos, para seren acollidas no Servizo de Medio Ambiente neste curso académico 2021-2022 (Expte. 2022/XEN_01/001997) (resolta pola presidencia con data de 7 de xullo). Non supón gasto. A Xunta de Goberno queda enterada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.